

Creación

Poesía

María do CEBREIRO

Urano

Hai tempo que as balas se perden,
como se o pracer de tratarnos nos fixese esquecer
cal era o xogo, en cal dos bandos
poñeríamos a proba a nosa lealdade.
Sospeito que comezas as cartas
por detrás, pero eu non faría
o mesmo con esta. No lugar da despedida,
vai un abrazo, os labios
e volvo comezar: “hai tempo que as balas
se perden, etc”. Presta atención,
non porque teña algo importante que dicir,
mais só porque mentres leas
estaremos vivos, e iso séntanos
ben. E en tanto a letra da canción
siga deténdose no retrouso,
eu deixarei as débedas
abertas, igual que se abre a voz
cando a conversa é longa.
Por delicadeza pérdese o tempo, a vida non,
que xa tivemos sete, e as sete sen tellado
onde gastalas. E aínda que todas as ocasións
fosen erradas, para felicidade das estrelas,
agora baixo a aposta, non preciso saber
quen chegaría máis lonxe.
Así que faime caso, se algún día improbable
nos encontra, que sexa moi cerca.
E o resto é poesía.

Mercurio

Antes de ser sorprendidos abriron as mans,
 deixaron caer o vaso, por unha vez alleos
 aos cristais. Non había terceiros,
 a penas a sensación
 de que comezaban a coñecerse
 por dentro. —Cambiemos de tema,
 ¿Verdade que cando a chuvia pare
 seremos outros?
 —E tu, ¿que imaxe escollerías
 para sempre? Xa sabes o que contan,
 que ves pasar a vida
 e aparecen imaxes que gardabas
 sen sabelo. A non ser
 que sexa posible escoller algunha,
 como cando encargamos a ampliación dunha foto.

(Córtase. Seguen algo máis tarde)

—Tu serías dos que provocan o incendio.
 Eu intentaría facer unha fogueira pequena
 e despois estenderíase.
 —Nos dous casos o lume
 empeza sendo controlado, qué importan
 os erros de cálculo, a intención
 é o que conta. (Rin os dous.)
 —Non sei quen dixó que non te podes fiar
 das persoas que sempre levan soltos
 os cordóns dos zapatos.

—Mentres te escoito penso
 na roupa da cama, suave
 canto máis gasta.
 ¿Era iso o que querías dicir
 cando falabas dos uniformes de traballo?
 Ultimamente, xa o sabes, penso moito
 nos erros. ¿Será certo que ás veces
 lemos para non ver?
 —Depende do que leas. ¿Que estás lendo?
 —Non, por unha vez prefiro
 falar de fóra, en serio. Dime,
 ¿en que momento quixeches
 prescindir da ironía?
 Case todo se pode aprender,
 e en cambio qué difícil é esquecer
 algunhas cousas.

—Creo que non se trata de esquecer as cousas,
senón de mudar os hábitos.
O uso que fai suave a túa cama
rompe a miña roupa de traballo.
—Perdoa, eu só quería
achegarme a algunhas palabras
que nunca souben dicir.
—“Liberalas da conciencia
para que poidan ocupar os corpos”.
Por desgracia, o problema non está na túa mente
nin na miña boca.

(Os dous están pensando nas palabras
“industria”, “sindicatos”)

—Estar no mundo, volver á realidade, iso
non significa amar os feitos. Significa traballar
para que outros feitos sexan posibles.
—Non, creo que sobre todo significa
pensar cos outros, traballar cos outros.
—E iso, diante do ordenador, ¿como se fai?
—Refíreste á intención. (Aquí detense).
Para iso fai falta unha valentía máis grande
que o silencio.

(Son moitas as cousas que deixan por dicir.
Na rúa os coches pasan. As luces da cidade
comezan a escurecer a conversa
lentamente.)